

Defensa do Medio Ambiente

A preocupación de Manuel María polo coidado da Natureza e do medio ambiente pódese percibir ao longo da súa obra. Os seguintes textos, que podemos ler en voz alta na clase, son una boa mostra da inquedanza que lle producen aquelas actividades humanas que deterioran o medio.



A lagoa de Cospeito era cousa de ver. Non acougaron deica rematar con ela. Hai xente estraña á que lle molesta todo o útil e fermoso. Queren converter o mundo nun lugar feo, incómodo, inhabitable. En ocasións chegan acadar os seus propósitos. A lagoa de Cospeito é un bo exemplo.

Cando o mar foi polo río

*Lagoa de Cospeito: no nome do proveito
levaron a túa auga, secaron o teu leito.
-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: chegou o inimigo
e non descansou ata acabar contigo.
-Maldita sexa.*

*Lagoa de Cospeito: agora só lembranza,
quixeron converterte en campo de labranza.
-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: aquel que te secou
que teña o mesmo fin que a ti che dou!
-Maldita sexa.*

Poemas para decirlle a dúas lagoas

1 Que sabes das lagoas? _____

Escoitache falar dalgunha? _____

Víchela? _____

Sufriu algunha transformación? _____

2 Busca en Internet a Lagoa de Cospeito. Cando saibas onde queda, pódela engadir ao mapa da unidade 6.

Unidade 9

3 Infórmate no libro de Coñecemento, ou por outro medio, sobre o ecosistema dunha lagoa. Con esa información podedes elaborar un mural para a aula no que se contemplen os distintos seres que forman o ecosistema da lagoa.

4 Comentade en grupo o que supón a desaparición dunha lagoa.

5 No primeiro texto Manuel María di que hai xente que quere converter o mundo nun lugar feo, incómodo, inhabitábel. Anotade por grupos algún caso dese tipo. A continuación comentádeos para a clase. Para rematar, facede un remuíño de ideas sobre como evitalos.

6 Agora imos facer de poetas. Cada quen vai escribir no seu caderno un verso sobre o mundo no que lle gustaría vivir. Agora xuntámoslos todos, cun pouco de xeito, e xa temos un poema!

**Xa somos
poetas!!**